

PROGRAMACIÓN DO
ÁREA DE CANTO
CORAL E TÉCNICA
VOCAL

Para 2º da ESO

Curso 22-23

Índice:

-Introdución e contextualización.....	3
-Lexislación.....	3
-Recursos persoais.....	4
-Recursos materiais.....	4
-Análise e valoración da consecución dos aprendizaxes imprescindibles no curso 2021-22.....	5
-Adaptacións da presente programación ás posibles situacións de docencia non presencial.....	6
-Contribución da materia de música ao logro das competencias clave.....	7
-Obxectivos Xerais.....	9
-Obxectivos do curso.....	11
-Contidos relacionados cos estándares de aprendizaxe avaliados.....	11
- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliada de: Temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave.....	16
-Concrecións metodolóxicas.....	32
-Avaliación inicial e medidas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	35
-Materiais e recursos didácticos.....	34
-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	35
-Atención á diversidade.....	36
- Indicadores de logro.....	37
-Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	38
-Plan lector.....	38
-Plan de integración das TICs.....	40
-Tratamento dos temas transversais	41
-Actividades complementarias e extraescolares.....	42
-Avaliación e revisión da programación.....	42
 Anexo I: Protocolo COVID do departamento de música.....	 43

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES Afonso X “O Sabio” é un centro situado na área metropolitana de A Coruña. Conta cuns 820 estudantes, a maioría da ESO, tradicionalmente cun alto grao de abandono escolar. Dende hai anos desenvólvense no centro diversas liñas formativas para intentar dar ao alumnado a maior cantidade de oportunidades posible e reverter esa situación na medida do posible.

No IES Afonso X “O Sabio”, de A Barcala (Cambre), impártense ensinanzas da ESO, bacharelato, ciclo formativo de grao medio de xestión administrativa, ciclo formativo de grao superior de administración e finanzas e Formación Profesional Básica.

O IES Afonso X “O Sabio” ten tres centros de primaria adscritos: o CEIP “Wenceslao Fernández Flórez”, o CEIP O Graxal e o CEIP Portofaro. Ademais destes alumnos, contamos cunha porcentaxe de inmigrantes de diversos lugares que completan o amplo espectro do noso alumnado.

O alumnado en xeral procede de familias de clase media-baixa, e o seu nivel académico está dentro da media dos centros das súas características. O desenvolvemento psicomotriz, musical e artístico do noso alumnado é bastante dispar e ten moito que ver a orixe do alumnado (centro do que procede), ou o seu nivel de participación en actividades extraescolares. No concello de Cambre existen poucas posibilidades de desenvolver actividades musicais, destacando a Escola e banda municipal A Sementeira. Ademais, tamén temos alumnado que estuda nos conservatorios de música profesionais de Culleredo e da Coruña, que acoden a algún grupo de teatro local e, ocasionalmente, temos algún estudante do Conservatorio de danza da Coruña. Porén, estas actividades dependen sempre da dispoñibilidade das familias (tanto económica como de tempo dispoñible) para poder sufragar e acompañar ao alumnado a estas actividades, que implican sempre moitas horas de dedicación á semana e, dada a situación do noso alumnado, xa temos casos de estudantes que teñen que aparcar estes estudos por situacións familiares complicadas. Desde o departamento buscamos favorecer a práctica musical e escénica para que o alumnado desenvolva a súa personalidade a través da práctica artística pero tamén para que o alumnado se identifique cos seus intereses externos co que se fai no propio centro educativo.

LEXISLACIÓN

A base lexislativa para a presente programación son os seguintes documentos:

Ley Orgánica 8/2013 del 9 de diciembre, para la Mejora de la Calidad Educativa (LOMCE).

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembre que desenvolve o currículo de secundaria da LOMCE para todo o territorio español, e que viu completado o seu desenvolvemento curricular para a Comunidade Autónoma de Galicia no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, que no seu anexo II desenvolve os criterios de avaliación, os contidos correspondentes e os estándares de aprendizaxe de cada unha das materias específicas.

A Resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015), pola que se ditan instrucións para a implantación do citado currículo. O capítulo V (artigo 13) fai referencia as programacións didácticas.

RECURSOS PERSOAIS:

Constitúen o departamento de música do IES Afonso X “O Sabio”, para o presente curso os

profesores: Beatriz Alonso Pérez – Ávila, María Antonia Montes Fernández, e María Jesús Domínguez Daponte. Imparten as seguintes materias nos grupos que se describen a continuación:

-Beatriz Alonso Pérez - Ávila, profesora numeraria, vicedirectora. Imparte un total de 11 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2º ESO E (sección bilingüe),
Canto coral e técnica vocal 2º ESO (A,B,C,D,E)
Proxecto competencial: 3º ESO (E,D)
Linguaxe e práctica musical: 1º de Bacharelato
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (A,B)

-María Jesús Domínguez Daponte, profesora numeraria. Imparte un total de 20 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 2ºA, B, C, D da ESO, 3º D e un grupo de 4º ESO (A-E),
Proxecto competencial: 1º ESO (3 grupos), 3º(1 grupo)
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,D,E)

- María Antonia Montes Fernández, profesora numeraria e xefa de departamento. Imparte un total de 17 horas lectivas distribuídas da seguinte forma:

Música: 3º ESO (A, B, C, E (bilingüe) e un grupo de 4º ESO (A,B,C)
Artes escénicas e Danza: 4ºESO (A,B,C,E)
Historia da música e da danza: 2º de Bacharelato (C,D)

RECURSOS MATERIAIS:

O IES conta con dúas aulas de Música.

Temos xuntado practicamente todo o instrumental nunha das aulas -a máis grande e a que non molesta a ningún grupo ordinario- na que se pode ofrecer a todo o alumnado de calquera grupo, por moi numeroso que sexa, a posibilidade de facer música con distintos instrumentos. Conta con percusión Orff, tubos sonoros, canon proxector, equipo de son, de gravación, mesa de mesturas, lousa pautada de rotulador, piano eléctrico, guitarra eléctrica, baixo eléctrico, batería eléctrica, amplificador multicanle para os mesmos, guitarra española, tres ukeleles, catro teclados (un deles sen capacidade dinámica) e equipo de voces.

A segunda aula, máis pequena, conta con canón proxector, equipo de son, un ordenador con materiais multimedia axustados aos contidos, equipación de pequena percusión, lousa pautada e de xiz, guitarra española e piano eléctrico, ademáis de esterillas para realizar expresión corporal, movemento e danza.

ANÁLISE E VALORACIÓN DA CONSECUCIÓN DOS APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES NO CURSO 2021-22

Tras o curso pasado e tendo en conta a situación sanitaria excepcional, analizamos a consecución dos aprendizaxes imprescindibles no pasado curso e os aspectos que teremos que ter en conta para a programación do 2022-2023:

Os resultados acadados polo alumnado o curso pasado foron bastante aceptables.

A boa disposición do alumnado fixo que as medidas ditadas pola consellería de Sanidade e supervisadas escrupulosamente polo profesorado, non supuxeran un dano importante na actividade nin nos resultados da práctica instrumental e vocal.

Seguimos a fomentar, en todos os niveis, a capacidade de traballo autónomo e individual de actividade musical, para conseguir que no caso de actividade presencial ou semipresencial o alumnado poida realizar as tarefas encomendadas.

A gran aceptación que tivo a introdución, o pasado curso, do ukelele no grupo bilingüe de 2º da ESO, traducirase este curso na ampliación do uso deste instrumento para todos os grupos de 2º da ESO. Destacamos, entre outras vantaxes, a posibilidade de que o alumnado practique nas súas casas cun instrumento propio.

Fomentaremos na programación os contidos relacionados cos de interpretación na aula, mentres que os apartados de creación e contextos artísticos e musicais desenvolveranse tanto na aula como desde casa, en caso de ensino a distancia ou semipresencial.

Utilizaremos as ferramentas de Aula virtual en 1º e 2º de bacharelato e Edixgal en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. Durante as primeiras semanas de setembro todo o alumnado será dado de alta e se poderán engadir os recursos necesarios para asegurar a ensinanza en liña en todo momento.

En cada unha das materias sinalaranse cales serán as alternativas para o seguimento do ensino a distancia, indicando posibles actividades, feedback e avaliación.

ADAPTACIÓNS DA PRESENTE PROGRAMACIÓN ÁS POSIBLES SITUACIÓNS DE DOCENCIA NON PRESENCIAL

Debido ás circunstancias sanitarias desenvolveremos unha serie de estratexias na presente programación para garantir o dereito á educación a aqueles alumnos e alumnas no caso de ter que continuar o ensino de forma non presencial.

Debido as características da nosa materia que é eminentemente práctica e a dificultade que temos de poder avaliar as aprendizaxes sen utilizar medios audiovisuais por garantir a protección dos menores na rede, a materia impartida de forma telemática quedará exclusivamente referida a aspectos teóricos ou teórico-prácticos que serán avaliados mediante traballos e/ou probas online, aínda que fomentando o traballo da creación e interpretación musical e artística nos domicilios.

Dentro do departamento distinguiremos aos alumnos que contan con Edixgal (ESO), polo que esa será a ferramenta dixital utilizada para transmitir as tarefas e contidos, e a o alumnado de 1º e 2º Bacharelato para os que utilizaremos a Aula virtual do IES co fin desenvolver os contidos e as tarefas necesarias para continuar coa docencia en liña.

O departamento garante que todo o alumnado que tivese que seguir as clases de forma telemática poderá acadar os estándares imprescindibles para superar a materia e poder alcanzar cualificacións similares a unha situación normal, ponderando a cualificación segundo o tempo de cada unha das docencias, presencial e no presencial.

Para garantir que todo o alumnado ten a capacidade de seguimento de este tipo de docencia estableceremos contacto coa persoa titora do grupo para coñecer as dificultades técnicas que poidan presentar e durante os primeiros días de clase utilizaremos todos os recursos dixitais nas plataformas indicadas e nos aseguraremos que todos os estudantes son quen de utilizalos de forma correcta. No caso de que algún alumno o alumna non conte con medios técnicos na súa casa para poder seguir a docencia el liña utilizaremos os mecanismos que se establezan dende a dirección do centro para poder enviar o material necesario e establecer os feedbacks para garantir o ensino.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE CANTO CORAL E TÉCNICA VOCAL AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

a. Comunicación lingüística (CCL)

A materia de “Canto coral e técnica vocal” axudará ao alumnado a adquirir un novo vocabulario específico e técnico, que lle permita expresar os seus pensamentos, ideas, opinións sobre a música e os elementos que a conforman, tanto oralmente coma de forma escrita. Ademais permitiralle ao alumnado comprender textos e fomentará a lectura e o coñecemento de novas linguas.

Os descritores que se van priorizar son:

Expresarse oralmente con corrección, tendo en conta a dicción e a vocalización das palabras.
Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao/ á interlocutor/-a...

Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

O canto coral e a música utilizan un pensamento lóxico-deductivo e a habilidade de expresar de forma clara a información recibida. Traballarase a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas relacionadas coa música como pode ser o coñecemento de diferentes software e o uso de Internet.

Os descritores a traballar serán:

Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.

Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder preguntas.

Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.

Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

c. Competencia dixital (CD).

Permitirá o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, utilizando distintos formatos de audio e técnicas de tratamento, gravación e reprodución do son como forma de traballar as interpretacións vocais que teñen lugar en clase e á vez fomentará o uso responsable da internet como medio útil de traballo.

Traballaranse os seguintes descritores da competencia:

Elaborar e expoñer información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

Empregar distintas fontes para a procura de información.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

d. **Aprender a aprender (CAA).**

No “Canto coral e técnica vocal” a motivación e confianza axudarán a conseguir aprendizaxes máis eficaces. Ampliaranse as habilidades de expresión do alumnado, especialmente as relacionadas coa interpretación e a improvisación, tanto individual coma colectiva, e fomentarase o feito de seguir aprendendo no seu tempo de lecer.

Os descritores para esta competencia serán:

Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...

Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.

Aplicar estratexias individuais e grupais para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...

Avaliar de forma crítica a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

e. **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

A materia de “Canto coral e técnica vocal” require un respecto polo traballo propio e dos demais, ao que cómpre engadir unha boa actitude, aberta, cooperativa e construtiva destinada a acadar un fin común.

Traballaranse os seguintes descritores:

Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.

Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

Recoñecer como enriquecedoras a diversidade de opinións e ideas.

Comprender e respectar os distintos ritmos de traballo e potencialidades.

f. **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

A través da materia de “Canto coral e técnica vocal” fomentarase a creatividade e a iniciativa do alumnado. Favorecerase a capacidade de pensar

de forma creativa, a autoestima, a autonomía e tomarase conciencia do esforzo e a

responsabilidade que supón o traballo en equipo. Os descritores que se traballarán son os que seguen:

Asumir responsabilidade.

Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.

Buscar obxectivos nas tarefas que se desenvolvan.

Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos dun tema.

Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.

Amosar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.

Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A través desta materia, o alumnado coñecerá as nosas manifestacións culturais e musicais, traballando con distintos xéneros e estilos. Isto vailles permitir comprender, apreciar e valorar as distintas manifestacións artísticas e musicais a través do estudo, análise e interpretación das obras propostas.

Traballaranse os seguintes descritores:

Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.

Apreciar a beleza das expresións artísticas e mostrar gusto pola estética no ámbito cotiá.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.

Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural.

Apreciar os valores culturais do patrimonio.

OBXECTIVOS XERAIS

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes a cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde.

o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes a comunidade lusófona.

OBXECTIVOS DO CURSO

- Recoñecer os elementos básicos da linguaxe musical que permitan a súa análise e interpretación.
- Recoñecer ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- Distinguir e empregar os elementos que se utilizan na representación gráfica da música.
- Amosar interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- Amosar unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respectar as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- Practicar, interpretar e memorizar pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- Diferenciar as sonoridades dos instrumentos da orquestra e dos máis característicos da música popular, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.
- Empregar conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.
- Coñecer algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

CONTIDOS RELACIONADOS COS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Bloque 1: Técnica e hixiene vocas. Bos usos vocais.

B1.1 Coñecemento dos principios da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación.

B1.1 Comprende e diferencia os diferentes elementos da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación.

B1.2 Coñecemento da fisioloxía do aparello fonador.

B1.2 Valora a correcta utilización do aparello fonador na fala e no canto.

B1.3 Exercicios para unha correcta respiración, apoio e emisión da voz falada.

B1.3 Valora e aplica a técnica vocal ao canto e á fala.

B1.4 A muda da voz, características da voz adolescente. A voz feminina e a voz cambiata.

B1.4 Amosa interese polo coñecemento da voz adolescente e os seus cambios específicos nesta idade, e realiza exercicios específicos para a correcta clasificación da súa voz nos diferentes estadios durante o proceso de muda.

B1.5 Traballo co texto: articulación, dicción e interpretación.

B1.5 Realiza exercicios para o apoio e correcta emisión da voz falada.

B1.6 Pautas para a consecución de bos hábitos vocais.

B1.6 Valora o emprego correcto da respiración e entende que é imprescindible para unha correcta emisión tanto na fala como no canto.

Bloque 2: Relaxación, quecemento e estiramentos.

B1.1 Técnicas de relaxación e estiramentos corporais. Resonancia.

B1.1 Valora a relaxación como condición previa para o canto e a interpretación.

B1.2 Estiramentos de pernas, costas e brazos.

B1.2 Comprende e estira as pernas, costas e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.

B1.3 Relaxación da cadeira e mandíbula.

B1.3 Realiza os exercicios de relaxación de cadeira e/ou mandíbula.

B1.4 A muda da voz, características da voz adolescente. A voz feminina e a voz cambiata.

B1.4 Identifica, comprende e realiza os estiramentos do pescozo para a súa relaxación.

B1.5 Relaxación facial e resonancia craneal.

B1.5 Valora e comprende a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia craneal da mesma.

B1.6 Resoadores corporais da voz.

B1.6 Identifica, comprende e practica os distintos resoadores corporais.

Bloque 3: O ensaio coral.

B1.1 Coñecemento, diferenciación e interpretación dos diferentes xestos empregados na dirección coral.

B.1.1 Respecta os tempos de espera e silencios previos á interpretación, durante a interpretación, e o ensaio por cordas de diferentes pasaxes.

B1.2 A interpretación baseada na lectura musical, a escoita e a imitación.

B1.2 Interpreta con corrección, memoriza e practica pezas de diferentes estilos, épocas e/ou procedencias, mediante partituras e/ou por imitación.

B1.3 Improvisación vocal sobre esquemas sinxelos.

B1.3 Amosa unha actitude respectuosa, positiva, atenta e de espírito crítico á interpretación individual e do conxunto.

B1.4 Batido de compases de 2, 3 e 4 pulsos.

B1.4 Identifica e recoñece os esquemas de compases de 2, 3 e 4 pulsos.

B1.5 Ataque de compases en pulsos binarios e ternarios sobre partes fortes e débiles do pulso.

B1.5 Atende e realiza entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.

B1.6. As pausas. Emprego do caldeirón ou fermata: ataque/pausa/final.

B1.6 Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe.

Bloque 4: Repertorio coral na adolescencia. Interpretación en concerto.

B1.1 Interpretación de partituras monódicas, a canon e/ou polifónicas de diferentes períodos da historia de música.

B1.1 Amosa interese pola interpretación de conxunto e mostra atención e interpreta os xestos da dirección, respectando a interpretación do seus compañeiros e compañeiras.

B1.2 Interpretación de partituras vocais de diferentes culturas, nos seus respectivos idiomas, con especial atención ao patrimonio musical galego.

B1.2 Interpreta con corrección os textos das pezas seleccionadas de diversas culturas do mundo, atendendo especialmente ao noso patrimonio musical galego.

B1.3 Empaste, afinación e escoita interna.

B1.3 Concéntrase na interpretación, procurando unha boa afinación e empaste tanto individual coma coral.

B1.4 Percusión corporal e/ou interpretación coreográfica como acompañamento ao canto.

B1.4 Realiza pezas sinxelas e/ou pequenas frases propostas de percusión corporal e/ou de movemento.

B1.5 Tarefas de xestión e organización de actividades.

B1.5 Identifica o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais.

B1.6 Catalogación de partituras.

B1.6 Coñece e reconece algún arquivo musical con partituras catalogadas.

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

1: TÉCNICA E HIXIENE VOCAL. BOS USOS VOCAIS				
Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	C. Clave
CCTV 1.1.1 Comprende e diferencia os diferentes elementos da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación.	Todas as avaliacións. E este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final.	Identificar e diferenciar os diferentes principios da técnica vocal.	<p>Probas de recoñecemento dos elementos dados.</p> <p>(Exame escrito, 40%)</p> <p>Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través da plataforma EDIXGAL</p>	CAA CSC CCEC
CCTV 1.1.2 Valora a correcta utilización do aparello fonador na fala e no canto.		Coñecer as diferentes partes do aparello fonador e o seu funcionamento.		CAA CSC CCEC
CCTV 1.1.3 Valora e aplica a técnica vocal ao canto e á fala.		Coñecer e aplicar os diferentes tipos de respiración (clavicular, costal) con especial atención á respiración costodiafragmático-abdominal, óptima para o canto e a fala.		CAA CSC CCEC
CCTV 1.1.4 Amosa interese polo coñecemento da voz adolescente e os seus cambios específicos nesta idade, e realiza exercicios específicos para a correcta		Entender e valorar a necesidade da técnica vocal na práctica do canto coral e na fala.		CAA CSC CCEC

clasificación da súa voz nos diferentes estadios durante o proceso de muda.				
CCTV 1.1.5 Realiza exercicios para o apoio e correcta emisión da voz falada.		Coñecer e valorar como necesarias as prácticas de bos hábitos vocais.		CAA CSC CCEC
CCTV 1.1.6 Valora o emprego correcto da respiración e entende que é imprescindible para unha correcta emisión tanto na fala como no canto.		Practicar de forma autónoma e dirixida exercicios para a correcta emisión na fala.		CAA CSC CCEC

2: RELAXACIÓN, QUECEMENTO E ESTIRAMENTOS CORPORAIS

Estándar de Aprendizaxe available	Temporalización	Grado mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos de avaliación	C. Clave
CCTV 2.2.1 Valora a relaxación e o queceamento da voz como condición previa para o canto e a interpretación.		Realizar con atención e concentración os diferentes exercicios de queceamento, respiración e emisión de voz, así como as diferentes técnicas de relaxación e estiramientos corporais e resonancia propostos na clase.	Probas específicas de recoñecemento de audición e recoñecemento visual. Empregarase reprodutor de audio. (Exame escrito, 40%) Docencia telemática:40% Entrega de cuestionarios teóricos a través da plataforma EDIXGAL	CCEC
CCTV 2.2.2 Comprende e estira as pernas, costas e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.		Prestar atención e estirar as pernas, costas e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.		CCEC
CCTV 2.2.3 Realiza os exercicios de relaxación de cadeira e/ou mandíbula.		Relaxar a cadeira e comprender a súa relación coa posible tensión da mandíbula.		CCEC
CCTV 2.2.4 Identifica, comprende e realiza os estiramientos do pescozo para a súa relaxación.		Estirar e relaxar o pescozo en diferentes posicións.		CSC
CCTV 2.2.5 Valora e comprende a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia craneal da mesma		Coñecer a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia craneal da mesma.		CLC CCEC
CCTV 2.2.6 Identifica,		Identificar, comprender e		CCEC

comprende e practica os distintos resoadores corporais.		practicar os distintos resoadores corporais.		
---	--	--	--	--

3: O ENSAIO CORAL

Estándar de Aprendizaxe avaliable	Temporalización	Grado mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos de avaliación	C. Clave
CCTV 3.1.1 Respecta os tempos de espera e silencios previos á interpretación, durante a interpretación, e o ensaio por cordas de diferentes pasaxes.	Todas as avaliacións. É este un labor en que a progresividade ben dada pola dificultade na súa consecución. Hai que procuralo desde o inicio de curso, e non deixar de vixiar a súa consecución até o final	Interpretar pezas de diferentes estilos, épocas e procedencias, de dificultade variable, do repertorio galego e universal, por medio de partituras e/ou por imitación, atendendo ao xesto da persoa que dirixe, cunha actitude aberta e respectuosa ante a propia interpretación e a do conxunto coral.		CCL CAA CSC CCEC CSIEE
CCTV 3.1.2 Interpreta con corrección, memoriza e practica pezas de diferentes estilos, épocas e/ou procedencias, mediante partituras e/ou por imitación.		Desfrutar da interpretación e audición do canto.		CCL CAA CSC CCEC
CCTV 3.1.3 Amosa unha actitude respectuosa, positiva, atenta e de espírito crítico á interpretación individual e do conxunto.		Respecto e interese por escoitar as músicas propostas na aula pola profesora e polos compañeiros.		CCL CAA CSC
CCTV 3.1.4 Identifica e reconece os esquemas de compases de 2, 3 e 4 pulsos.		Recoñecer os esquemas dos compases de 2, 3 e 4 pulsos.		CAA CMCCT CCEC
CCTV 3.1.5 Atende e realiza entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.		Aprender a realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.		CAA CMCCT CSC

CCTV 3.1.6 Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe.		Entender, practicar e realizar vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe.		CAA CSC CCEC
--	--	--	--	--------------------

4: REPERTORIO CORAL NA ADOLESCENCIA. INTERPRETACIÓN E CONCERTO

Estándar de Aprendizaxe available	Temporalización	Grao mínimo de consecución para superar la materia	Procedementos e instrumentos de avaliación	
CCTV 4.4.1 Aмосa interese pola interpretación de conxunto e mostra atención e interpreta os xestos da dirección, respectando a interpretación do seus compañeiros e compañeiras.		Interpretar vocalmente algunha partitura monódica, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da historia da música.		CCL CAA CSC CCEC
CCTV 4.4.2 Interpreta con corrección os textos das pezas seleccionadas de diversas culturas do mundo, atendendo especialmente ao noso patrimonio musical galego.		Interpretar con corrección os textos das pezas seleccionadas nos seus respectivos idiomas: galego, castelán, inglés, francés, alemán...		CCL CAA CSC CCEC
CCTV 4.4.3 Concéntrase na interpretación, procurando unha boa afinación e empaste tanto individual coma coral.		Interpretar con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto.		CCL CAA CSC CCEC
CCTV 4.4.4 Realiza pezas sinxelas e/ou pequenas frases propostas de percusión corporal e/ou de movemento.		Crear pequenas coreografías corporais e/ou de movemento para a c o m p a ñ a r o c a n t o o u interpretalas individualmente.		CAA CSC CCEC
CCTV 4.4.5 Identifica o reparto de responsabilidades nas		B4.5 Coñecer e recoñecer o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e		CAA CSC CSIEE

tarefas de xestión e organización de actividades musicais.		organización de actividades musicais.		
CCTV 4.4.6 Coñece e recoñece algún arquivo musical con partituras catalogadas.		B4.6 Identificar recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras.		CAA, CD, CSIEE, CCEC

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O punto de partida para a materia de “Canto coral e técnica vocal” é o propio alumnado, tendo moi claro que a materia pode ser cursada sen coñecemento previo e sen habilidade especial para o canto. Calquera que pode escoitar e falar pode cantar, só necesita exercitarse na estratexia de escoita e o control da respiración e da emisión.

Empregarase unha metodoloxía activa de aprendizaxe significativa baseada nos coñecementos previos e habilidades do alumnado, propiciando a participación no grupo e o traballo persoal, para poder evolucionar dende ese punto. A metodoloxía será activa e eminentemente práctica, mesmo para a explicación de conceptos teóricos coma os tipos de agrupacións vocais ou as patoloxías vocais.

Traballarase a través do descubrimento da súa voz para pasar despois ao control da mesma e concluír entendendo como pode usala con corrección.

As pezas a empregar na materia sempre serán axeitadas aos diferentes timbres das voces adolescentes. Empregaranse composicións ou arranxos cun ámbito correcto para as e os cantantes . Isto último é moi importante, xa que o fin último da materia de “Canto coral e técnica vocal” é ensinar aos alumnos e ás alumnas o correcto emprego da voz na fala e no canto de conxunto, detectando se é o caso e evitando posibles patoloxías vocais.

AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS CORRECTORAS SEGUNDO OS RESULTADOS

A avaliación inicial detallouse anteriormente nesta programación, constando a mesma dunha enquisa a cubrir polo estudante e dunha proba vocal realizada de xeito colectivo. Neste caso evitarase unha proba individual, inda que é o habitual en calquera coro, para evitar un rexeitamento por parte do alumnado. Inda así poderanse clasificar as voces dividíndoas en agudas-graves, voces mudadas , en proceso de muda, posibles disfonías, etc.

Dependendo do resultado desta clasificación adaptarase o repertorio ao mapa vocal da aula, que en cada grupo será necesariamente diferente.

Nas primeiras sesións, ademais, valorarase o nivel de lectura musical do alumnado e servirá para insistir mais no traballo de lectura ou no traballo de aprendizaxe por imitación.

A misión desta avaliación inicial tamén é detectar alumnado con problemas específicos na fonación e patoloxías vocais.

CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada aplicando os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos definen a materia prima da música.

2. Identificar e analizar os compoñentes básicos dunha obra musical, empregando a linguaxe musical coñecida a través do traballo na aula.

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado de expresar coa linguaxe propia do ámbito musical, os elementos básicos que configuran unha obra musical.

3. Ser quen de comunicar axeitadamente e con rigor valoracións persoais sobre as distintas manifestacións musicais coñecidas con anterioridade na aula.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado de valorar positivamente e con respecto distintas manifestacións musicais facéndoo co rigor e con criterios de profundidade, indo máis aló dunha simple opinión non sustentada no coñecemento.

4. Utilizar axeitadamente as tecnoloxías do coñecemento á hora de crear ou escoitar unha peza musical.

Con este recurso trátase de avaliar a disposición de apertura e a capacidade de acción do alumnado á hora de utilizar as tecnoloxías do coñecemento no eido musical.

5. Coñecer como se desenvolve a interpretación en grupo, ben sexa instrumental, vocal ou de movemento.

Con este criterio trátase de comprobar a capacidade do alumnado para levar a cabo interpretacións conxuntas conforme as normas que emanan da disciplina musical e do respecto polo quefacer dos demais.

6. Elaborar axeitadamente un pequeno arranxo musical.

Con este criterio trátase de avaliar a aplicación por parte do alumnado dos coñecementos adquiridos na aula no ámbito da creación.

7. Ler axeitadamente as grafías musicais con que se escribe unha obra musical.

Con este criterio preténdese comprobar o grao de coñecemento das grafías básicas que lle permitan ao alumnado a lectura axeitada dunha peza musical.

CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

É preciso valorar no día a día a evolución de alumno á hora de desenvolverse nas distintas actividades. Pero, por outra banda, é preciso crear un apoio documental que permita ao alumnado ter un soporte material máis aló do traballo diario no aula.

Son os exames escritos un método de diagnóstico do proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero teñen un valor outorgado polo propio alumnado de ser un sistema obxectivo, que poden consultar unha vez feito e que lles serve de acicate para o estudo.

Para tratar de equilibrar todas estas cuestións, este departamento cualificará a evolución e logro dos obxectivos por parte do alumnado atendendo ao reparto seguinte:

40% da nota atribuíble ao exame(s) teórico(s) que se fagan durante o trimestre, cos contidos

descritos nas táboas anteriores.

40% da nota atribuíble ao exame(s) práctico(s) que engloba(n) os contidos das táboas anteriores, atendendo moi especialmente á participación e musicalidade das propostas do alumnado, valorándose primordialmente a participación, a disciplina fronte as indicacións dadas, e o progreso na afinación e na medida.

10% da nota atribuíble á observación diaria na clase, baseada nos parámetros descritos nas táboas anteriores.

10% da nota atribuíble á disposición do alumnado con respecto ao material (partituras, papel pautado..) que lle sexa subministrado polo profesor/a. Deberá traer á clase o material que o profesor/a lle demande nunhas boas condicións, como exercicio de responsabilidade.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Faranse Adaptación Curriculares nos casos nos necesarios, tendo en conta os informes do departamento de orientación.

Prestarase Reforzo Educativo a todo o alumnado repetidor, ou coa materia pendente.

INDICADORES DE LOGRO

A avaliación realizarase ao longo de todo o curso seguindo as indicacións descritas anteriormente (avaliación inicial, sumativa e formativa e final), pero consideraranse estes indicadores:

Entoa con soltura as cancións propostas para conformar o repertorio da materia ao longo de todo o curso.

Aprende a letra destas cancións, comprendendo o seu significado, incluíndo nas linguas estranxeiras.

Interioriza os distintos tipos de respiración e usa a respiración costo-diafragmática na voz falada e cantada.

É capaz de reproducir pequenas coreografías propostas para acompañar o canto.

Coñece as principais tesituras de voces.

Interioriza o pulso e a tonalidade da obra

É capaz de seguir o ritmo indicado pola persoa docente/directora da agrupación

Amosa respecto polas creacións e interpretacións dos e das compañeiras.

É quen de colocar o corpo estirado, cunha correcta emisión da voz.

Comprende distintas técnicas vocais e as utiliza activamente.

Emprega distintas fontes de información, bibliográfica e dixital.

Participa activamente na realización do traballo colaborativo

Responsabilízase solidariamente de todo o traballo realizado polo grupo.

Emprega de forma correcta tanto por escrito como de forma oral un vocabulario específico de forma correcta.

ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DOS ALUMNOS COA MATERIA PENDENTE

Para o alumnado de 3º ESO avaliado negativamente en 2º curso:

Para facilitar a recuperación da materia pendente de cada avaliación elaborárase un repertorio específico, composto por pezas sinxelas, que se traballarán na aula como actividades de iniciación, que o alumnado deberá poder interpretar. Para facilitarlles a tarefa o departamento aportará gravacións MIDI para poder estudar desde casa. Estas gravacións poderán incluír ensaios do coro. Ademais, durante un recreo á semana poderá acudir o alumnado para traballar este repertorio específico, de forma que se poida traballar dun xeito máis personalizado.

Para avaliar a materia na convocatoria extraordinaria o alumnado terá que realizar unha proba escrita na que expoña os contidos traballados ao longo do curso e interpretará unha canción escollida por el/ela mesmo de entre o repertorio traballado ao longo do curso.

PLAN LECTOR

Nas clases de música a linguaxe utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento da información que se difunde sobre intérpretes e compositores.

Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

Moitos dos contidos da materia trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, se traballa tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Durante as clases adícanse polo menos dez minutos á lectura comprensiva de textos que expoñen polo xeral os contidos propios da materia.

Trala lectura, os alumnos responden oralmente ou por escrito a cuestións sinxelas, a través das que relacionan e explican o fragmento de texto lido na clase.

Todas as actividades propostas na clase, constan dun enunciado que eles teñen que ler e entender para poder solventar axeitadamente.

Da meirande parte das cancións rock e pop propostas adxuntamos as letras, que os alumnos seguen para comprender o significado e o sentido da música, polo que trabállase tamén unha lingua estranxeira., en concreto, o inglés.

ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PROXECTO LECTOR

Nas clases de música a linguaxe verbal utilízase como instrumento de representación, comprensión e interpretación da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización do pensamento a través da lectura comprensiva dos textos explicativos da materia, onde se tratan os contidos teóricos referidos ao uso e interpretación da simboloxía da linguaxe musical, ao coñecemento de estilos e etapas creativas, á ciencia organolóxica, ou mesmo a través do procesamento

da información que se difunde sobre intérpretes e compositores. Tamén a través da lectura comprensiva dos enunciados das actividades propostas, a través da lectura dramatizada de libretos operísticos ou zarzuelísticos e das letras de cancións, se desenvolve esta competencia básica.

A lingua como Instrumento de comunicación, de mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas é unha constante nas clases de música, nas explicacións sobre como interpretar partituras, enunciado de normas para compoñer, improvisar, tocar, cantar, actuar en conxunto, etc.

Outras funcións da linguaxe, como son dialogar, expresar pensamentos, emocións, opinións, formarse un xuízo crítico e ético, acádase nas clases de música mediante a exposición das características musicais presentes nas audicións, enmarcando a obra, así como mediante a expresión dos propios gustos, a través da elaboración de opinións fundadas, xuízos de valor e mesmo aprendendo a utilizar os termos axeitados para describir unha determinada peza musical.

Moitos dos contidos da asignatura trabállanse visualizando películas e documentais e traballando os contidos de maneira oral e escrita, dado que moitos destes materiais audiovisuais están en inglés subtulado, trabállase tamén o uso funcional dunha lingua estranxeira.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento da lectura nas clases de música:

- Lectura persoal de textos expositivos e realización oral ou escrita de cuestións vinculadas coa comprensión do contido dos mesmos.
- Cumprimentación de fichas de audición, onde comezan por cubrir unha serie de puntos básicos (autor, marco cronolóxico, estilo musical, obra, plantilla instrumental ou vocal, etc.), a partir dos que elaborarán textos expositivos.
- Lectura e comprensión de definicións de conceptos musicais.
- Definición destes conceptos musicais aprendidos mediante o uso do propio vocabulario.
- Lectura de textos de prensa, revistas ou información recollida en Internet dos que se lles pide resúmen, definir os termos musicais que o profesor lles subraia, sinalar ideas principais e secundarias, inventar un novo titular no caso dunha nova e, se cadra, a opinión propia.
- Lectura de información relativa a un tema concreto coa finalidade de elaborar pequenos traballos escritos.
- Lectura atenta dos enunciados das actividades propostas no aula: trala lectura en voz alta dos mesmos cada día un alumno diferente responderá oralmente ao profesor “que cómpre facer?”.

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Estase a promocionar unha canle de Youtube con contidos xerados no instituto (vídeos dos alumnos) ou ben ligazóns a temas de interese (vídeos de audicións)

Os alumnos deste nivel contan con miniportátiles do proxecto ABALAR con software de notación musical e de edición de audio (Muscore, Audacity). Estes empregaranse para modificar partituras dadas ou xerar arranxos propios.

Ademáis, os alumnos utilizarán Internet para ampliar/ actualizar información sobre grupos musicais, compositores, intérpretes, eventos musicais e organoloxía.

Mediante a realización de traballos de investigación sobre un tema determinado, os alumnos farán uso da rede e mesmo de programas de edición de partituras, imaxes e textos, gravación sonora e audiovisual, etc.

ACTIVIDADES ENMARCADAS DENTRO DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

No área de Música cómpre facer uso das novas tecnoloxías da información para ampliar e actualizar certos contidos. Os alumnos e alumnas poderán deste xeito aumentar os seus coñecementos en determinados ámbitos de forma autónoma e eficaz.

Por outra banda, os alumnos traballan con programas informáticos de composición e edición musical, a parte de programas de procesamento de textos ou textos e imaxes, co que producen de modo eficiente información utilizando novos recursos expresivos.

Dun xeito máis sintético, enúncianse a continuación a secuencia de actividades que traballan o desenvolvemento deste plan nas clases de música:

- Realización de proxectos multimedia (nos que cómpre procesar textos, imaxes e música) sobre temas diversos incluídos nos contidos da materia.
- Creación de pezas musicais utilizando programas de edición de partituras ou de edición de audio, primando a utilización de Software libre que os propios ordenadores do centro xa teñen instalados.
- Recadar información (verbal ou musical) presente en Internet necesaria para a cumprimentación de fichas, execución de actividades, etc.
- Gravación das partes instrumentais ou vocais en diversas pistas utilizando micrófonos, mesa de misturas e tarxeta de son instalada no PC do aula.
- Visualización de fragmentos de películas, óperas, zarzuelas, musicais e documentais en DVD.

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

A continuación menciónanse os temas transversais que establece o currículo da E.S.O. especificando os aspectos propios da música que se traballarán ó longo do curso escolar e que impregnan os contidos da programación.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

- Coñecemento do funcionamento correcto do aparello auditivo e tamén do fonador.
- Desenrolo de hábitos preventivos para cuida-la saúde vocal e auditiva: contaminación sonora, conciencia dos efectos que produce o tabaco.
- Valoración do corpo e interese pola práctica de exercicio físico e a adopción de hábitos de hixiene corporal.
- Interese por recibir información sobre os diversos aspectos relacionados coa sexualidade: diferentes tipos de voz, cambio de voz na puvrtade.
- Interese pola distribución equilibrada do tempo de traballo e de ocio.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Actitude receptora e tolerante nas relacións a nivel individual e nas actividades en grupo.
- Valoración positiva da existencia de diferencias entre as persoas e aceptación da pluralidade no seo da sociedade e en relación a outras sociedades e culturas diferentes á nosa.
- Interese polos mecanismos que regulan o funcionamento do grupo, en particular os dereitos e deberes de cada un.
- Análise crítico dos valores culturais e estéticos da nosa sociedade.
- Interese por coñecer e conservar o patrimonio cultural da nosa sociedade e das outras culturas.
- Actitude crítica diante de calquera tipo de discriminación individual ou social por razóns de raza, crenzas, sexo ou outras diferencias individuais ou sociais.

EDUCACIÓN PARA A PAZ

- Tolerancia e respecto por todo tipo de diferencias individuais, tanto de tipo físico como psíquico: axuda e cooperación nas actividades de aprendizaxe e interpretación musical.
- Respecto polas propostas, opinións e accións dos demais.
- Recoñecemento do diálogo como medio para a resolución de conflitos.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE OS SEXOS

- Toma de conciencia dos fenómenos de discriminación sexista, en particular na linguaxe, nas discusións en grupo e nas actividades musicais.
- Sensibilización polo reparto educativo de responsabilidades e o intercambio de roles entre tódolos membros do grupo.

EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Sensibilización sonora e rexeitamento do barullo; identificación dos problemas que afectan á conservación do medio ambiente. A contaminación sonora do entorno: causas e posibles solucións.

EDUCACIÓN PARA O CONSUMO

- Valoración crítica do uso indiscriminado da música: reflexión sobre os excesos de produción sonora, especialmente do problema do barullo. Contribución a crear ambientes gratos e sosegados.

- Valoración crítica dos medios de comunicación de masas: reflexión sobre os usos sociais da música, consumir en función das necesidades reais, educación do gusto persoal e desenrolo dos criterios de selección.
- Valoración e coidado dos obxectos propios e alleos: os instrumentos musicais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Dividiremos as actividades en dous grupos:

1) Actividades dentro do centro:

- Actuación do alumnado no acto de graduación de 2º de Bacharelato
- Concertos do alumnado dos diferentes grupos, coa asistencia do resto do alumnado.

Poderán asistir os pais no caso de que se desenvolvan pola tarde.

- Actuacións e concertos relacionados son datas significativas: Samaín, Día da paz, Entroido, Día do libro, Día das letras galegas.....
- Visitas de profesionais do mundo das Artes Escénicas e da Música para charlas e obradoiros
- Representación teatral ao final de curso.

2) Actividades fóra do centro:

- Actividades para os participantes no coro do IES: actuacións fora do centro e asistencia a talleres de formación de técnica vocal.
- Ourencanto: Fin de semana en Ourense adicado a Obradoiro e concerto de canto para alumnado dos centros de toda Galicia. Probables datas: 21 ao 23 de Abril
- Asistencia aos ensaios da OSG no caso de que sexan ofertados e concedidos
- Asistencia a actividades musicais que poidan xurdir ao longo do curso e que puideran ser de gran interese para a formación musical do alumnado.
- Asistencia a espectáculos teatrais en colaboración con outros departamentos: Lingua castelá, Lingua Galega, Latín, Inglés, Francés..

AVALIACIÓN E REVISIÓN DA PROGRAMACIÓN

Teranse en conta tanto as observacións descritas nas reunións de departamento correspondentes as avaliacións ordinarias, como na memoria de final de curso co fin de introducir medidas correctoras no proceso ensino – aprendizaxe.

Así mesmo, analizarase a variación de resultados na proba de discriminación auditiva e musical realizada ao principio e final de curso.

Asdo. Beatriz Alonso Pérez-Ávila, María Antonia Montes Fernández, María Jesús Domínguez Daponte

ANEXO II

Valora as seguintes afirmacións

	Nada	Pouco	Bastante	Moito
Cantando no coro poden enriquecer os meus coñecementos musicais				
Escollín canto coral porque me sinto a gusto coa miña voz ao cantar				
Penso que nesta materia poden facer bos amigos e amigas e aprender deles				
Teño moita vergoña ao cantar diante dos demais				
Son unha persoa moi extrovertida e aberta, nunca teño problemas para facer novas amizades				
Gústame pasar desapercibido/a				
En casa sempre estou cantando para min				
Non quero cantar calquera canción, algunhas son moi aburridas				
Penso que coa práctica coral aprenderei a controlar a miña propia voz				
Penso que coa práctica coral mellorarei o oído e a escoita				
Quero coñecer distintos tipos de músicas para poder cantalos				
Penso que no coro poderei desenvolver o meu talento				
Sei que para cantar no coro imos que traballar en equipo				
En varias ocasións avergonceime de como soa a miña voz ao cantar ou ao falar				
Gústame cantar pero nunca me atrevería a facelo so/soa, pero no coro todos participamos á vez e non me sinto observado/a				

ANEXO III

Rúbrica de avaliación para a observación directa

	Baixo	Regular	Ben	Moi ben
O/a estudante coñece as diferentes partes do aparello fonador e o seu funcionamento	Non é capaz de describir as partes nin asimila o funcionamento	É capaz de describir algunhas partes, pero non comprende o funcionamento do aparello fonador	É capaz de describir o funcionamento do aparello fonador inda que as veces non recorde todo o vocabulario do aparello fonador	É capaz de describir o funcionamento do aparello fonador e coñece perfectamente as partes que o compoñen
O/a estudante coñece e asume o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais	Non é capaz de asumir a responsabilidade que lle corresponde e descoñece as responsabilidades dos seus compañeiros e compañeiras	Coñece a súa responsabilidade inda que non sempre a asume, as veces esquece as responsabilidades que teñen os seus compañeiros	Comprende a súa responsabilidade e a dos seus compañeiros, inda que as veces pode dudar das implicacións que ten.	É capaz de liderar ao grupo, entendendo a súa responsabilidade e traballando cos seus compañeiros e compañeiras de forma colaborativa
O/a estudante identifica recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras	Non traballa coas ferramentas tecnolóxicas facilitadas polo docente.	Coñece que hai bancos de audios e de partituras para a mellora dos ensaios semanais pero non os segue con regularidade.	Utiliza os recursos tecnolóxicos facilitados e lle serven para mellorar a súa práctica.	Identifica, utiliza e aporta novas posibilidades aos recursos tecnolóxicos aportados pola docente para a mellora dos ensaios, e busca e catalogación de partituras.
Coñece e aplica os diferentes tipos de respiración tanto para o canto como para a fala	Non asimila as diferenzas entre os distintos tipos de respiración, evitando a participación activa na aula para comprender a diferenza nas distintas posturas propostas (posición de cúbito supino, sentados e de pé)	Comprende que hai diferenzas entre os distintos tipos de respiración e descríbeas, pero non as interioriza e as utiliza activamente.	Comprende que hai diferenzas entre os distintos tipos de respiración, descríbeas e aplícaas nas distintas situacións que se dan na aula.	Comprende que hai diferenzas entre os distintos tipos de respiración, descríbeas e aplícaas en todas as situacións cun gran control da respiración.
Identifica e diferencia os diferentes principios da técnica vocal.	Non diferencia os diferentes principios da técnica vocal	Diferencia os diferentes principios da técnica vocal pero os utiliza aleatoriamente	Identifica os distintos principios da técnica vocal e os utiliza con dificultades	Interioriza os distintos tipos de técnica vocal e pode utilizalos, escollendo o que máis lle interesa
Entende e valora a necesidade da técnica vocal na práctica do canto coral e na fala.	Non considera a técnica vocal como unha práctica que se aprende e que permite controlar o uso da voz	Valora a importancia da técnica vocal pero non considera que sexa unha práctica que se poida adquirir con traballo diario	Valora a necesidade da técnica vocal e comeza a dominala tanto para cantar como para falar	Entende e valora completamente a necesidade da técnica vocal tanto para a voz falada como cantada
Coñece e valora como necesarias as prácticas de bos	Non se molesta en aprender bos hábitos vocais	Comprende a importancia dos bos hábitos vocais pero non os practica	Valora necesario os bos hábitos sociais e comeza a desenvolvelos	Valora e interioriza os bos hábitos vocais en todas as ocasións, comezando a

hábitos vocais.				incorporalos no seu día a día
Practica de forma autónoma e dirixida exercicios para a correcta emisión na fala.	Non practica exercicios para a correcta emisión na fala nin de forma autónoma nin dirixida	Coñece que hai exercicios para a correcta emisión da fala e os practica de xeito intermitente	Practica de forma dirixida exercicios para a correcta emisión da fala	Practica de xeito autónomo e dirixido diversos exercicios para a correcta emisión da fala
Realiza con atención e concentración as diferentes técnicas de relaxación e estiramientos corporais propostos na clase.	Non realiza con atención e concentración as propostas de relaxación e estiramento	Realiza de xeito inconstante exercicios de relaxación e estiramento.	Desenvolve as prácticas de relaxación e estiramientos de forma adecuada	Interioriza as prácticas de relaxación e estiramientos como unha actividade máis, que incorpora de xeito habitual á súa práctica de voz falada e cantada
Presta atención e estira pernas, costas e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.	O estudante non busca unha correcta colocación das extremidades e costas nin segue as indicacións realizadas en clase sobre o seu uso.	O estudante realiza as indicacións achegadas en clase con respecto á colocación de pernas, costas e brazos pero sen prestar a atención debida.	O estudante realiza as indicacións achegadas en clase con respecto á colocación de pernas, costas e brazos con toda a súa atención	O estudante presta atención e estira pernas, costas e brazos seguindo as indicacións achegadas interiorizando esta práctica sen precisar un recordatorio da mesma.
Relaxa a cadeira e comprender a súa relación coa posible tensión da mandíbula.	O estudante non presta atención á colocación da cadeira	O estudante é consciente da colocación da cadeira e a súa relación coa tensión da mandíbula, pero precisa un recordatorio constante da mesma	O estudante relaxa a cadeira pero en ocasións modifica a súa postura	O estudante interioriza a importancia da cadeira de tal forma que modifica a súa posición natural ao cantar e non precisa de recordatorios ao respecto.
Estira e relaxa o pescozo en diferentes posicións.	O estudante non realiza as diferentes posicións indicadas en relación ao pescozo (relaxamento e estiramento)	O estudante comprende a importancia do estiramento e relaxación do pescozo pero necesita indicacións frecuentes	O estudante segue as indicacións de relaxación e estiramento do pescozo.	O estudante é autónomo e pode realizar de forma individual e guiar exercicios de relaxación e estiramento de pescozo
Coñece a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia craneal da mesma.	O estudante non intenta relaxar os músculos faciais, de forma que é imposible evitar distintas tensións na voz e relacionalas cos resoadores.	O estudante coñece a importancia da completa relaxación facial pero normalmente non a consegue	O estudante coñece a importancia da completa relaxación facial pero ás veces ten dificultades para conseguila.	Interiorízase a importancia da completa relaxación facial e a súa relación con posibles tensións na voz e os resoadores craneais.
Identifica, comprende e practica os distintos resoadores corporais.	O estudante non amosa interese en identificar os distintos resoadores corporais	O estudante identifica os resoadores, pero non é quen de utilizalos nin entender o seu uso	O estudante identifica e comprende os resoadores, e é quen, a través de exercicios sinxelos, de utilizalos modificando a súa postura.	O estudante identifica e comprende os resoadores e, despois de diversas prácticas, é capaz de utilizalos

				sen ter que modificar especificamente a súa postura.
Interpreta pezas de diferentes estilos, épocas e procedencias, de dificultade variable, do repertorio galego e universal, por medio de partituras e/ou por imitación, atendendo ao xesto da persoa que dirixe, cunha actitude aberta e respectuosa ante a propia interpretación e a do conxunto coral.	O estudante non amosa interese en interpretar pezas de distintas procedencias ou estilos.	O estudante comprende a necesidade de variar de repertorio pero non valora o enriquecemento cultural que lle aporta a diversidade.	O estudante agradece a variedade de repertorios, seguindo os xestos da persoa que dirixe.	O estudante amosa unha actitude claramente aberta e respectuosa, ante a aprendizaxe de novos repertorios que lle achegan a diversas culturas.
Desfruta da interpretación e audición do canto.	O estudante non amosa ningún interese pola interpretación ou audición do canto	O estudante amosa interese intermitente ante a audición ou interpretación do canto	O estudante amosa interese ante a audición e interpretación do canto.	O estudante é claramente entusiasta ante a interpretación e audición do canto. Transmitindo este interese a outras persoas.
Aprende a improvisar vocalmente sobre pequenos esquemas dados.	Non realiza pequenas improvisacións	Realiza pequenas improvisacións pero non sempre segue as pautas dadas	Realiza pequenas improvisacións seguindo as pautas dadas.	Realiza pequenas interpretacións seguindo pautas dadas e tamén de xeito autónomo, valéndose de pautas anteriores, de forma que amosa autonomía vocal.
Recoñece os esquemas dos compases de 2, 3 e 4 pulsos.	Non recoñece pequenos esquemas rítmicos en base a compases de 2, 3 ou 4 pulsos	Recoñece, con frecuentes equivocacións, esquemas rítmicos en base a compases de 2,3 e 4 pulsos	Recoñece os esquemas dos compases de 2,3 e 4 pulsos con algunha equivocación	Recoñece os esquemas dos compases de 2,3 e 4 pulsos con seguridade
Aprende a realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.	Non é capaz de realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles	Ten dúbidas ao realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles	É capaz de seguir e realizar entradas de conxunto sobre partes fortes ou débiles	É capaz de realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e débiles con seguridade, sendo referente doutros compañeiros
Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen	Non comprende o que é o caldeirón nin segue as indicacións ao respecto da persoa quen dirixe	Pode seguir á persoa quen dirixe pero non entende o concepto de caldeirón	Segue á persoa directora e comprende o concepto de caldeirón	Segue á persoa directora e interioriza o concepto de caldeirón de tal forma que podería dar a entrada na seguinte parte

dirixe.				
Interpreta vocalmente algunha partitura monódica, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da Historia da Música.	Non é quen de interpretar vocalmente partituras monódicas, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da historia da música	Pode interpretar algunha partitura monódica de diferentes períodos da historia da música, pero ten problemas cando hai máis dunha voz	Pode interpretar pezas monódicas e a varias voces de diferentes períodos da historia da música	Interpreta con total seguridade e confianza diferentes pezas, tanto monódicas como polifónicas, de distintos períodos da historia da música, comprendendo a evolución da linguaxe musical
Interpreta con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto.	Non interpreta concentrado, afinado nin con sensibilidade o repertorio proposto	Non interpreta unha peza con concentración, afinación ou sensibilidade, pero realiza polo menos unha das tres accións.	Interpreta con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto con dificultades	Interpreta con solvencia, de xeito concentrado, afinado e con sensibilidade, o repertorio coral proposto
Crea pequenas coreografías corporais e/ou de movemento para acompañar o canto ou interpretalas individualmente.	Non segue as pautas coreográficas establecidas para acompañar a voz e amosa unha actitude irrespectuosa	Segue con dificultades as pautas coreográficas marcadas para acompañar a voz	Segue as pautas coreográficas marcadas para acompañar a voz	Aprende as coreografías propostas e propón novos movementos para acompañar o canto
Coñece e recoñece o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais.	Non entende a súa función nin responsabilidade nin amosa interese por saber cales son as dous seus compañeiros á hora de xestionar e organizar unha actividade musical	Comprende a súa responsabilidade pero non o traballo dos demais á hora de desenvolver actividades musicais	Entende a súa responsabilidade e a dos seus compañeiros e traballa de forma colaborativa para desenvolver actividades musicais	E capaz de liderar as distintas responsabilidades para xestionar e desenvolver a realización de actividades musicais
Identifica recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras.	Non identifica recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras	Coñece as distintas TIC aportadas pola persoa docente pero descoñece a súa función.	Recoñece as distintas posibilidades das TIC aportadas pola persoa docente para facilitar a procura e catalogación de repertorio	Recoñece e utiliza as distintas posibilidades das TIC aportadas pola persoa docente para facilitar a procura e catalogación de repertorio.

ANEXO IV

Enquisa de valoración tras o traballo coa canción _____	
Gustouche a canción traballada?	SI/NON
Sentíaste cómodo/a coa voz que che tocou?	SI/NON
Se a resposta foi negativa, explica o motivo:	
Paréceche que a canción estaba dentro das túas posibilidades?	
Sentíaste cómodo/a coa coreografía?	
Que foi o que máis che gustou e o que menos dos ensaios:	
Describe as túas propostas de mellora para a seguinte canción:	

ANEXO V

Enquisa de valoración final para o alumnado

Describe os aspectos que máis te gustan de cantar no coro:	
Detalla os aspectos que menos te gustan de cantar no coro:	
Sinala, nunha escala de 1-4, canto cres que melloraches no coñecemento do uso da túa propia voz tanto falada como cantada:	
Reflexiona sobre o control respiratorio e postural e sinala, nunha escala de 1-4, o grao de desenvolvemento adquirido que tes de ambos procesos:	
Cres que por cantar nun coro tes outra valoración sobre a arte? por que?	
Que aspectos cres que che aportan participar nun concerto?	
Que aspectos cres que che aporta a xestión e produción dun concerto?	
Gústache acercarte a novos repertorios ou prefires afondar máis nun concreto?	
Consideras que, a través da participación no Canto coral, tes mellor relación cos outros/as compañeiros/as?	
Consideras que, a través do traballo no coro, mellorou como escoitas aos demais?	
Reflexiona sobre ti mesmo/a, cres que tes unha mellor coñecemento de como es como persoa?	
Que aspectos mellorarías da túa participación no coro?	
Que aspectos mellorarías na xestión, docencia e coordinación por parte da persoa responsable?	

ANEXO VI

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	1	2	3	4
Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
Ofrécense a cada estudante as explicacións individualizadas que precisa				
O nivel de dificultade está adaptado ás características do alumnado				
Créase un clima que favorece o aprendizaxe				
Créase un clima que da lugar a procesos de traballo partindo das emocións e da mellora do coñecemento que cada estudante ten de si mesmo				
O grao de motivación e enerxía na clase foi o axeitado				
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado				
Contouse co apoio e implicación das familias no traballo co alumnado				
Mantívose un contacto periódico coas distintas familias				
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE				
Atendeuse á diversidade do alumnado				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación				
Deuse un peso real á observación do traballo na aula				
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo				
Elaboráronse as actividades atendendo á diversidade				
Elaboráronse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE				
Poténcianse estratexias de expresión oral e escrita				
Poténcianse estratexias de comprensión oral e escrita				
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe				
Préstase atención aos elementos transversais				
O alumnado está ben informado das rúbricas de avaliación e coñece rapidamente os resultados das súas probas				
Reflexiónase co alumnado, de xeito individual e colectivo, como evoluciona todo o seu proceso de aprendizaxe				
O docente implícase activamente na acción titorial do alumnado participante da materia				
A materia participa activamente en diversas actividades extraescolares e complementarias, favorecendo o aprendizaxe da xestión e produción cultural				
As medidas de apoio, reforzo, etc. Están vinculadas aos estándares de aprendizaxe				
Reflexiónase activamente sobre os proxectos realizados e establécense melloras para o futuro				

